








ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN
Proba Escrita celebrada na Esclavitud (Padrón), o 22 de Febreiro de 2018

Dacordo co establecido nas Bases da Convocatoria para a Contratación de Persoal da Asociación de Desenvolvemento Local Deloia (Base 6: Proceso de Selección: Fase 1 Proba Escrita), o día 22 de febreiro do 2018 realizase a Proba Escrita para a selección do posto de **ADMINISTRATIVO/A**, conforme ás seguintes actuacións:

1.- COMISIÓN DE SELECCIÓN PRESENTE NO DESENVOLVEMENTO DA PROBA:

A PROBA ESCRITA desenvolveuse estando presentes os seguintes membros da Comisión de Selección:

- 1) **PRESIDENCIA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN:** Dna. Sandra Ortega Mera, *Presidenta da Asociación de Desenvolvemento Local Deloia e da Comisión de Selección, delega expresamente para este acto as súas funcións de Presidencia da Comisión de Selección en Dna Francisco Gago Guillán, (Xerente da Asociación de Desenvolvemento Local Deloia).*
- 2) **VOCAL:** D. Adolfo Muíños Sánchez, en representación do Concello de Rianxo
- 3) **VOCAL:** Dna María Teresa Villaverde Pais, en representación do Concello de Lousame
- 4) **VOCAL:** Dna M^a Josefa Calvo Tarrío, en representación da Asociación de Empresarios de Padrón, Rois e Dodro
- 5) **SECRETARIA:** Dna Myriam Lozano Obispo, letrada da Asesoría Xurídica Fundación Paideia (en substitución de María Cotón Fernández)

PRESIDENCIA 	VOCAL 
VOCAL 	VOCAL 
SECRETARIA 	



2.- CHAMAMENTO DOS CANDIDATOS

Ás 10:30 a.m. procedeuse ao chamamento dos candidatos para participar na proba escrita do proceso de selección para o posto descrito. Os candidatos presentaron a súa documentación identificativa e asinaron a folla de asistencia, sen que houbera incidente algún.

Sinalase a NON ASISTENCIA das seguintes persoas:

- Villela Sánchez, Silvia DNI nº 20.222.646-B
- Sieira Martínez, Plácida DNI nº 79.330.876-N
- Carou Ordoñez, Lara DNI nº 78.806.834-W
- Castro Nogareda, María Dolores DNI nº 32.843.767-C
- Arnejo Iglesias, Tamara DNI nº 44.836.063-R
- Collazo García, Beatriz DNI nº 46.911.623-H

En consecuencia, deixan de participar no proceso de selección as persoas indicadas, quedando descartadas do proceso.

3.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA ESCRITA

A proba escrita deu comezo ás 10:50 a.m. para a realización das 50 preguntas nos termos previstos na convocatoria. A proba deuse por finalizada ás 11:50 horas sen que houbera incidente algún.

4.- CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN DA PROBA

Finalizada a proba, a Comisión de Selección procede deseguido á corrección e cualificación da proba realizada, de acordo co establecido nas Bases de convocatoria, outorgando un punto por cada pregunta contestada correctamente, e restando un punto por cada dúas respostas incorrectas.

A proba escrita ten carácter eliminatorio, sendo preciso para superala acadar un mínimo de 30 puntos.

5.- PUBLICACIÓN DA PLANTILLAS DE CORRECCIÓNS

Realizada a corrección da proba escrita, e seguindo co establecido na BASE 6, a **Comisión ACORDA que o día 26 de febreiro de 2018, sexa publicada a plantilla de correccións e as puntuacións obtidas polos participantes, a data de inicio da seguinte fase e as persoas citadas para a entrevista así como, o calendario/horario previsto para as sucesivas entrevistas do resto de candidatos.**

Todo elo será publicado no taboleiro de anuncios da sede da Asociación de Desenvolvemento Local Deloia, así como nas páxinas web da Asociación Deloia e de AGADER.

6.- RESULTADOS DAS PUNTUACIÓNS (VER ANEXO)

7.- ACCESO Á SEGUINTE PROBA: FASE 2 ENTREVISTA PERSOAL

Os aspirantes que, pola puntuación obtida, houberan superado a Fase anterior (Proba escrita), pasarán a realizar unha entrevista persoal coa Comisión de Selección.

A tal efecto, a COMISIÓN **ACORDA** a realización da segunda proba (Fase 2: Entrevista Persoal) o vindeiro **mércores 7 de marzo de 2018, dando comezo a primeira entrevista ás 10:30, e procedendo, segundo a orde de actuación que relacionase a continuación.**

A entrevista durará entre 15-20 minutos por candidato e versará sobre o currículo vitae e aptitudes relacionadas co posto.

Deste modo, os candidatos que superaran a proba escrita quedan **CONVOCADOS** para a realización a **Entrevista Persoal, o 7 de marzo de 2018, na seguinte orde:**

FASE 2 ENTREVISTA PERSOAL			
Nº	HORA	ASPIRANTE/ CANDIDATO	DNI
1	10:30	Neo Eiras, María Belén	44.824.190-L
2	11:00	Graña Balado, Antonio	33.300.912-V
3	11:30	Guerra Rivas, Carolina	35.468.401-D

** Se por circunstancias non previstas fose imposible a asistencia da maioría dos membros da Comisión na data e horarios previstos, estes horarios poderán ser modificados. En todo caso, calquera variación será comunicada con polo menos 24 horas da antelación*

8.- IMPUGNACIÓNS E ALEGACIÓNS

No caso de que algún candidato quixese impugnar algunha das preguntas da proba escrita, por considerar incorrecta a resposta establecida pola Comisión como válida ou pola incorrecta ou errónea formulación da pregunta, poderá prantexar alegacións ante a Comisión de Selección no prazo de 3 días naturais dende a publicación das respostas.

A impugnación deberá realizarse mediante escrito presentado en calquera das formas previstas na Base 8 da convocatoria.

No caso de que revisada a impugnación o candidato alcance os 30 puntos establecidos como puntuación mínima añádese a lista de persoas seleccionadas para a entrevista persoal; o que será publicado a todos os efectos nos medios sinalados anteriormente. No caso de que a resolución da impugnación fose posterior a data sinalada para a entrevista persoal dos candidatos, ou non fose posible en dita data, o candidato será convocado para a entrevista persoal nunha nova data.



En A Escravitude, a 26 de febreiro de 2018.

Francisca Gago Guillán
Xerente da Asociación de Desenvolvemento
Local DELOA e Presidenta da Comisión
de Selección por delegación expresa

Myriam Lozano Obispo
Letrada da Asesoría Xurídica da
Fundación Paldela Galiza
Secretaria da Comisión de Selección
por substitución